Os Clubs de atletismo Marineda Atlético e Riazor Coruña en colaboración do Concello de A Coruña, a Deputación de A Coruña e a Federación Galega de Atletismo organizará o 4 de decembro o I Control de Inverno de A Coruña, nas pistas Universitarias de Elviña

**Art.1).** Horario definitivo

| HORARIO do I Control de Inverno A Coruña | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Hora** | **Proba** | **Categoría** | **Altura** | **Foso** | **Peso** |
| **10:00** | 50 | Sub 10 H | Sub 14 Homes | Lonxitude Sub 14 Mulleres A | |
| **10:05** | 50 | Sub 10 H | | | |
| **10:10** | 50 | Sub 10 H | | | |
| **10:15** | 50 | Sub 10 M | | | |
| **10:20** | 60 | Sub 10 M | | | |
| **10:25** | 60 | Sub 12 H | | | |
| **10:30** | 60 | Sub 12 H | | | |
| **10:35** | 60 | Sub 12 H | | | |
| **10:40** | 60 | Sub 12 H | | | |
| **10:45** | 60 | Sub 12 M | | | |
| **10:50** | 60 | Sub 12 M | | | |
| **10:55** | 60 | Sub 12 M | | Lonxitude Sub 14 Homes A | |
| **11:00** | 60 | Sub 14 H | | | |
| **11:05** | 60 | Sub 14 H | | | |
| **11:10** | 60 | Sub 14 H | | | |
| **11:15** | 60 | Sub 14 H | Sub 14 Mulleres | | |
| **11:20** | 60 | Sub 14 M | | | |
| **11:25** | 60 | Sub 14 M | | | |
| **11:30** | 60 | Sub 14 M | | | |
| **11:37** | 500 | Sub 12 H | | | |
| **11:42** | 500 | Sub 12 H | | | |
| **11:47** | 500 | Sub 12 M | | | |
| **11:52** | 500 | Sub 12 M | | | |
| **11:57** | 500 | Sub 12 M | | | |
| **12:02** | 500 | Sub 14 H | | Lonxitude Sub 14 H-M B | |
| **12:07** | 500 | Sub 14 H | | | |
| **12:12** | 500 | Sub 14 M | | | |
| **12:17** | 500 | Sub 14 M | | | |
| **12:22** | 500 | Sub 14 M | | | Sub 14 Homes |
| **12:30** | 1000 | Sub 14 H | | | |
| **12:38** | 1000 | Sub 14 M | | | |
| **12:46** | 1000 | Sub 10 H | | | |
| **12:54** | 1000 | Sub 10 M | | | |
| **13:02** | 1000 | Sub 12 H | | | |
| **13:10** | 1000 | Sub 12 M | | Triplo H-M | Sub 14 Mulleres |
| **13:18** | 1000 | Sub 12 M | | | |
| **13:28** | 60 mv | Sub 14 H | | | |
| **13:38** | 60 mv | Sub 14 M | | | |
| **13:46** | 60 mv | Sub 14 M | | | |

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme á tempada 2021. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.
Independentemente das marcas, terán preferencia primeiro na inscrición, os atletas vencellados aos clubs organizadores e despois os atletas da delegación da Coruña.

Darase preferencia aos atletas inscritos en só unha proba, en caso de facer máis dunha proba indicar no campo dorsal a orde de preferencia (non aplicable aos clubs organizadores).

- Se algún atleta desexa homologar o seu artefacto terá que entregalo na dirección técnica unha hora antes do inicio da proba

**Art.2).** Cada club retirará os dorsais dos seus atletas na secretaría de competición. O quecemento farase no exterior da instalación. Os atletas accederán a zoa de competición polo portón de saída do 110, onde de maneira imprescindible entregarán a folla de Declaración Responsable.

**Art.3).** Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada actual (2021).

**Art.4).** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (https://isis.rfea.es/sirfea2/ ata as 20:00 horas do martes 30 de novembro. Existirá unha cota de inscrición de 3 Euros por atleta.
Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o mércores 1 de decembro ás 20:00 e sempre coa autorización dos clubs organizadores e a dispoñibilidade de prazas libres.

**Art.5). Participación:** Nos concursos serán de catro intentos.

**Art.6).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:
- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (competicion@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.7).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.8).** O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación.

**Art.9).** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.10).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 26 de novembro de 2021